



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 26/09/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleira ausente:

- D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezasete horas e trinta e catro minutos do día vinteseis de setembro de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de setembro do presente ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habendo solicitudes de rectificación, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. APROBACIÓN DE DECLARACIÓN DE LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER.

Dase conta polo Sr. Alcalde da solicitude recibida da Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias, de adopción dun acordo de apoio ó colectivo, que o Sr. Alcalde seguidamente le e que literamente di:

“DECLARACIÓN DE LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Conscientes de que o Alzheimer é a demencia con maior prevalencia que afecta en Galicia a 400.000 persoas entre enfermos e familiares e que, debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia polo especial avellentamento e dispersión da poboación.
- Conscientes de que o Alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención.
- Conscientes de que a abordaxe desta enfermidade –que ten un custo anual medio de máis de 30.000 euros- recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.
- Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende os diversos órganos nacionais e internacionais e do recoñecemento da importancia desta problemática na comunidade galega mediante a declaración do ano 2012 Ano Galego do Alzheimer, non existe un plan autonómico especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.
- E sabedores/as de que a poboación da nosa localidade está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

O Concello quere facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose “Localidade Solidaria co Alzheimer”.

Con este xesto institucional queremos servir de exemplo a outros municipios e apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta Declaración, o noso municipio como “Localidade Solidaria co Alzheimer”, apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer.”

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos dez concelleiros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á referida declaración solidaria.

TERCEIRO. DETERMINACIÓN DE FESTIVIDADES LABORAIS PARA 2013.

Dase conta polo Sr. Alcalde da necesidade de establecer coa brevidade posible as datas nas que se celebrarán as festividades laborais de carácter local no vindeiro ano 2013, e da



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

proposta do grupo de goberno no sentido de manter as datas nas que se veñen celebrando tradicionalmente estas festas, é dicir, o martes de Entroido, que no 2012 cadrará no 12 de febreiro, e o 2 de xullo, no que se conmemora Santa Sabela.

A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a proposta do grupo de goberno, e establecer como festividade laborais de carácter local para o vindeiro ano 2013 os días 12 de febreiro, martes de Entroido, e 2 de xullo, Santa Sabela, e ordear a remisión dunha certificación do presente acordo, coa brevidade posible, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

CUARTO. ACORDOS RELATIVOS Á PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN D.T.C.94.

Dase conta do expediente tramitado para a adopción dos acordos necesarios para a participación deste Concello no Plan "DTC 94: Unha deputación para todos os concellos", e dos proxectos redactados para as obras que o grupo de goberno propón incluír no mesmo.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Polo referido á parte do Plan adicada a gasto corrente, o Sr. Alcalde di que se destinará ó pago de parte do custo do tratamento dos residuos sólidos urbanos que se aboa a Sogama.

O Sr. Soto explica que se trata dun plan da Deputación adicado a investimento e gasto corrente, e xestionado cos criterios de reparto do POS, pero incluíndo ós concellos máis grandes da provincia, en perxuízo dos de poboación inferior a 20.000 habitantes que sempre foron os beneficiarios destes plans. Di que as obras que se van facer son a rehabilitación de dúas antigas escolas unitarias en Bardaos e Naraío e unha mellora das superficies pavimentadas do CPI. As rehabilitacións realizaranse por administración para proporcionar emprego a entre cinco e oito persoas durante de catro a seis meses, e destinaranse a vivenda para persoas con problemas de acceso a este dereito constitucional, para tratar de fixar poboación e en cumprimento do indicado no seu programa electoral. Remata decindo que o resto do importe da participación neste Plan, uns 18.000 euros, adicaranse a gasto corrente.

Interven de seguido o Sr. Márquez para matizar dúas cuestións: se a causa de destinar parte do Plan a gasto corrente é que se gastou máis do previsto, e a súa disconformidade coa idea do alleamento das edificacións que se van rehabilitar, xa que entende que eses edificios foron construídos polos veciños con moito esforzo, cedendo terreos, aportando cartos e



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

mesmo co seu traballo persoal, ademáis da colaboración económica en moitos casos dos emigrantes de cada parroquia, polo que non considera aceptable que agora se permita que pasen a mans privadas. Propón en cambio que se adiquen a aluguer con prezos asequibles, o que evitaría a perda de patrimonio por parte do Concello.

O Sr. López Loureiro toma a palabra a continuación para manifestar a súa coincidencia co exposto polo Sr. Márquez e a conformidade do seu grupo coa realización das obras de rehabilitación propostas polo grupo de goberno, pero oponéndose tamén á súa posible venda a particulares, xa que considera que esas antigas escolas poden ser útiles no futuro para o Concello.

O Sr. Soto interven para respostar que a cantidade que se propón destinar a gasto corrente é un sobranse inferior a trinta mil euros, que é o importe mínimo que debe ter cada proxecto para a súa inclusión neste Plan, e que non se debe a que se gastase máis do previsto, senon en todo caso a que se ingresará menos do presupostado por culpa doutras administracións, sobre todo a Deputación Provincial, que vai restrinxir enormemente as transferencias correntes en favor do Concello. Di tamén que el non falou de vender nada, senon de por a disposición da xente as vivendas que se rehabilitarán, xa se verá mediante qué procedemento.

O Sr. Márquez di que o da venda apareceu na prensa, aínda que pode non ser certo, e insiste en que lle parece preferible que se destinen ó aluguer a prezos reducidos.

O Sr. Alcalde toma a palabra para criticar o Plan por incluír por primeira vez ás grandes cidades, reducindo así o importe da participación dos concellos de menos de 20.000 habitantes, que sempre foron os beneficiarios destas iniciativas. Di que o que se propón é un investimento diferente, recuperando patrimonio municipal que agora xenera gastos e pode que vendendo despois as vivendas para poder facer outras, porque a xente prefere a propiedade ó arrendamento, aínda que iso se concretará con posterioridade e non é para debatir nesta sesión. Di que se vai facer por primeira vez unha obra por administración, se creará emprego, se producirá un aforro, se demostrará que o público non ten porqué ser peor que o que fai a iniciativa privada e se facilitará o acceso á vivenda. En canto á obra do CPI, é o que quedaba por arranxar nese centro despois de gastar máis de 400.000 euros nel, ó contrario do que fan outras administracións, xa que é preciso un esforzo de investimento para estimular o crecemento da economía.

O Sr. Márquez reitera, en relación coa cantidade que se adicará a gasto corrente, que canto máis gasto corrente, menos investimento e menos dinamización económica, e insiste en que non se vendan as antigas escolas unitarias, e o Sr. Alcalde resposta que non sempre é o investimento o que dinamiza máis a economía, poñendo como exemplo o emprego xenerado coa prestación de servizos sociais.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

1º.- Participar no Plan "DTC 94: Unha deputación para todos os concellos", da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Rehabilitación da antiga escola do Eirexado para vivenda	62.916,82	0,00	62.916,82
Proxecto básico e de execución de rehabilitación da antiga escola das Loibas para vivenda	64.427,72	0	64.427,72
Mellora integral das superficies pavimentadas do C.P.I. De San Sadurniño	54.501,63	0	54.501,73
TOTAL	181.846,17	0,00	181.846,17

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Financiamento de gasto corrente do concello da anualidade 2012:

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
San Sadurniño	18.768,52	86.548,93	0,00

C) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
Subtotal obras e subministracións	181.846,17	0,00	0,00	181.846,17
Subtotal honorarios proxectos	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal achegas a outros plans	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal gastos correntes	18.768,52	0,00	0,00	18.768,52
TOTAL	200.614,69	0,00	0,00	200.614,69

2º.- Declarar que o Concello conta cos terreos, concesións e autorizacións administrativas necesarias para a execución das obras.

3º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita achega provincial.

4º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

5º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

QUINTO. CELEBRACIÓN DO SORTEO PARA MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS.

Visto o contido do artigo 26 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o Pleno da Corporación da inicio o sorteo público para a designación dos membros, tanto titulares como suplentes, de cada unha das sete Mesas Electorais que deberán constituirse para a celebración das eleccións locais convocadas para o próximo día vinteún de outubro, que se realiza por medios informáticos.

Cada unha das Mesas Electorais queda integrada polas persoas que se relacionan no expediente tramitado a tal finalidade, do que se informará coa brevidade posible á Xunta Electoral de Zona de Ferrol, ós efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e dezaioito minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,